



Proxecto de Decreto ..., polo que se modifica o Decreto 78/2018, do 26 de xullo, polo que se regula a composición e o funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, atribúe á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de promoción do deporte.

Ao amparo desta competencia, aprobouse a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, cuxo obxecto é o de promover e coordinar o deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como ordenar o seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico atribúenlle á Comunidade Autónoma de Galicia. Dita norma prevé expresamente no artigo cinco a competencia para establecer unha política activa de protección da saúde do deportista e de loita contra a dopaxe no deporte

A Lei 3/2012 do 2 de abril, no seu título VIII regula a actuación autonómica en materia de prevención e de loita contra a dopaxe no deporte, recollendo no seu artigo 129 a política de loita contra a dopaxe e de prevención correspondéndolle á Administración autonómica o establecemento, o seguimento e o control da política de loita contra a dopaxe e de prevención desta no ámbito da Comunidade Autónoma..

No seu título VIII regula a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe como un órgano administrativo adscrito ao organismo autonómico competente en materia deportiva, con competencias en materia de defensa da saúde do deportista e de prevención e control da dopaxe no ámbito da Comunidade Autónoma. A través do Decreto 78/2018, do 26 de xullo (DOG Nº. 151 do 8 de agosto), regúlase a súa composición e o funcionamento.

Con relación á composición actual da Comisión, considérase necesario dotala de tódolos instrumentos óptimos para o desenvolvemento das tarefas encomendadas (art. 130 da Lei 3/2012), considerando que neste momento algúns sectores



deportivos de Galicia non están contemplados na composición desta Comisión. Deste xeito, entre eses posibles sectores non representados actualmente, estarían o colectivo de Licenciados/as en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, tendo en conta que resultan unha peza fundamental en canto ás funcións atribuídas a esta Comisión, principalmente con relación a propoñer programas e actuacións ao obxecto de promover e procurar que a actividade deportiva realícese en condicións adecuadas de salubridade e seguridade, así como a promover accións formativas e informativas con respecto aos valores da práctica deportiva sobre a saúde. En definitiva, considérase necesario contar entre as vogalías coa representación do colectivo de Licenciados/as en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia de gran importancia no armazón do deporte galego que aporten a experiencia e a visión dun colectivo fundamental á hora da proposta de iniciativas, medidas e actuacións nas competencias da Comisión.

Na súa virtude, por proposta da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo/oído co/o ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do ...,

DISPOÑO:

Artigo Único. Modificación do Decreto 78/2018, do 26 de xullo, polo que se regula a composición e o funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

O Decreto 78/2018, do 26 de xullo, polo que se regula a composición e o funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, queda modificado como segue:

Un. O apartado 1 do artigo 4, Composición, queda redactado do seguinte modo:



«A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe estará composta por unha presidencia, unha vicepresidencia e catorce vogalías.»

Dous. Engádese un punto 5ª ao apartado c) do artigo 4.2, Composición, tal e como segue:

<<5ª Unha persoa en representación do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia, por proposta de dito Colexio.>>

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

Facúltase á persoa titular da consellería competente por razón da materia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente decreto no relativo á organización e materias propias da respectiva consellería.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

O presente decreto entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia